

# Programación Popular Festas de Bouzas 2022

## VIERNES 15

|       |                                        |         |
|-------|----------------------------------------|---------|
| 19:00 | ACENDEMENTO DA MEGAFONÍA               |         |
| 19:30 | ACTUACIÓN BANDA DE MÚSICA DE REDONDELA | ALAMEDA |
| 21:15 | PREGÓN                                 |         |
| 22:15 | ACENDEMENTO OFICIAL DA ILUMINACIÓN     | ALAMEDA |
| 22:30 | ACTUACIÓN BANDA DE MÚSICA DE REDONDELA | ALAMEDA |
| 23:00 | GRUPO FAMA                             | PRAIA   |
| 0:00  | ACTUACIÓN BANDA DE MÚSICA DE REDONDELA | ALAMEDA |
| 1:30  | GRUPO FAMA                             | PRAIA   |

## SÁBADO 16

|       |                                                           |         |
|-------|-----------------------------------------------------------|---------|
| 10:30 | PASARRÚAS DE BANDA DE MÚSICA DE REDONDELA SAÍDA E CHEGADA | ALAMEDA |
| 12:00 | DESFILE DE CABEZUDOS SAÍDA PRAZA DE URZAIZ-RÚA DO PAZO    | ALAMEDA |
| 12:00 | ACTUACIÓN BANDA DE MÚSICA DE REDONDELA                    | ALAMEDA |
| 18:00 | ACTUACIÓN BANDA DE MÚSICA DE REDONDELA                    | ALAMEDA |
| 21:00 | ACTUACIÓN BANDA DE MÚSICA DE REDONDELA                    | ALAMEDA |
| 23:30 | ORQUESTA FURIA JOVEN                                      | PRAIA   |
| 0:00  | ACTUACIÓN BANDA DE MÚSICA DE REDONDELA                    | ALAMEDA |
| 2:00  | ORQUESTA FURIA JOVEN                                      | PRAIA   |

## DOMINGO 17

|       |                                                                     |         |
|-------|---------------------------------------------------------------------|---------|
| 10:30 | PASARRÚAS BANDA DE MÚSICA DE REDONDELA SAÍDA E CHEGADA              | ALAMEDA |
| 11:45 | RECEPCIÓN DE PERSOEIROS                                             |         |
| 12:00 | MISA MAIOR                                                          |         |
| 13:00 | BANDA DE MÚSICA VAL DO MIÑOR                                        | ALAMEDA |
| 17:00 | ANIMACION INFANTIL "FESTIVALIÑO"                                    | ALAMEDA |
| 17:30 | BANDA DE MÚSICA VAL DO MIÑOR                                        | ALAMEDA |
| 20:15 | BANDA DE MÚSICA VAL DO MIÑOR                                        | ALAMEDA |
| 21:00 | PROCESIÓN DO SANTÍSIMO CRISTO DOS AFLIXIDOS                         |         |
| 23:00 | "XVI FESTIVAL POÉTICO PIROMUSICAL "CIDADE DE VIGO - VILA DE BOUZAS" |         |
| 23:30 | ORQUESTA PONTEVEDRA                                                 | PRAIA   |
| 0:00  | BANDA DE MÚSICA VAL DO MIÑOR                                        | ALAMEDA |
| 2:00  | ORQUESTA PONTEVEDRA                                                 | PRAIA   |

## LUNES 18

|       |                                                           |         |
|-------|-----------------------------------------------------------|---------|
| 12:30 | PASARRÚAS BANDA DE MÚSICA VAL DO MIÑOR SAÍDA E CHEGADA    | ALAMEDA |
| 17:00 | ANIMACIÓN INFANTIL "FESTIVALIÑO"                          | ALAMEDA |
| 18:00 | BANDA DE MÚSICA VAL DO MIÑOR                              | ALAMEDA |
| 20:00 | MISA SOLEMNE NA HONRA DA NOSA SEÑORA DO CARME E SAN TELMO |         |
| 20:30 | PROCESIÓN DA NOSA SEÑORA DO CARME E SAN TELMO             |         |
| 21:00 | BANDA DE MÚSICA VAL DO MIÑOR                              | ALAMEDA |
| 23:00 | ORQUESTA LA DIMENSIÓN                                     | PRAIA   |
| 0:00  | BANDA DE MÚSICA VAL DO MIÑOR                              | ALAMEDA |
| 1:30  | ORQUESTA LA DIMENSIÓN                                     | PRAIA   |

## MARTES 19

|       |                                                                 |         |
|-------|-----------------------------------------------------------------|---------|
| 12:30 | PASARRÚAS BANDA DE MÚSICA DE ARCADE SAÍDA E CHEGADA             | ALAMEDA |
| 13:00 | "MISA SOLEMNE NA HONRA A SAN PEDRO "EL PESCADOR"                |         |
| 14:00 | COMIDA DE PATRONES                                              |         |
| 18:30 | BANDA DE MÚSICA DE ARCADE                                       | ALAMEDA |
| 20:30 | "PROCESIÓN NA HONRA DE SAN PEDRO COA IMAXE DA "PESCA MILAGROSA" |         |
| 23:00 | ORQUESTA ALABAMA                                                | PRAIA   |
| 0:00  | BANDA DE MÚSICA DE ARCADE                                       | ALAMEDA |
| 1:30  | ORQUESTA ALABAMA                                                | PRAIA   |



## Actos do Festival Piromusical

### 1. Intencións

(De catro a catro. Manuel Antonio 1928)

Encheremol-as velas  
c'a luz náufraga d'a madrugada  
Pendurando en dous puntos cardinaes  
a randeadeira esguía  
d'o palebote branco  
c'as suas mans loiras acenan mil adeuses as  
estrelas

Inventaremos frustradas descubertas  
a barlovento d'os horizontes  
pra acelerar os abolidos corazóns  
d'os nosos veleiros defraudados

Halaremos pol-o chicote  
d'un meridián innumerado  
N-a illa anónima de cada singladura  
esculcaremos o remorso d'a cidade

Ela noitámbula defollará

como unha margarida prostibularia  
a Rosa d'os Ventos d'o noso corazón

Encadaremos adeuses d'escuma  
pra total-as prayas perdidas  
Xuntaremos cuadernos en branco  
d'a novela errante d'o vento  
Pescaremos n-a rede d'os atlas  
ronseles de Simbad

E cazaremol-a vela sobre o torso rebelde d'as  
tormentas pra trincar a escota d'unha ilusión.

### 2. ¡Galicia é infinda!

(Galicia Infinda. Florencio Delgado Gurriarán)

Nosa Galicia é máis que toda a terra

Non é xa o cativo currunchiño

que din escolas vellas.

Cómprenos desbotar antigos erros

fillos de mente estreita:

¡Galicia é infinda!

Bela estrada de ensoño, con macadam de

estrelas, a Vía Latea é camino que leva a

Compostela, hoxe e outrora faro,

a cidade ecuménica que alumeóu, na Europa,

trebas da Edade Meia.

Polo mundo espadados van os netos dos celtas.

Dende a austral Buenos Aires á parroquia

labrega:

do New-York boligante

ás indianas ribeiras; da pelica de touro

ata a China de lénda...

Dende o berce sabido á final cova incerta:

os hoscos do Amazonas, caspadeiras brañegas,

do Courel as searas, casi da veira do Sena,

de Hong-Kong as baiucas as viñas

valdeorresas, coqueirás das Antillas

angas bacalloeiras...

Agros, mares e montes, vilas, cibdades, cities,  
towns, aldeias, os recantos do Mundo...

### 3.- Vente, ventinho do norte

(Bebedeira. Florencio Delgado Gurriarán)

Vente, ventinho do norte,  
vente, ventinho norteiro  
a cantarme, nos ouvidos,  
a canción do frío inverno;  
tráeme lembranzas dos montes  
de branca neve cubertos;  
de parte da branca neve  
ven darme xeadro beixo,  
que máis quero atecer  
ao contacto dos teus beizos  
que sentir os agarimos  
de ventos moles e tépedos;  
das árbores que apouvigas,  
por facerte cos brinquedos  
de amarelas follas murchas,  
trae a min o bruar fero;  
tráeme os laios musicais  
das xestas e dos piñeiros,  
pois quero ouvir da montaña  
o baril belo concerto.

### 4.- Terra Galega

(Galicia Infinda. Florencio Delgado Gurriarán)

¡Todo é terra Galega!

¡Galicia é infinda!

Noso meirande río non é o Miño,

galán a namorar moza ribeira,

nin o Sil, gabancioso do seu ouro

e do seu belo enfeite de cepeiras.

O Golf stream é o noso río meirande:

río que rega as xirxilantes veigas

e os carreiros de escuma

que ás sereias gorentan;

o dos risos de choiva,

garimoso de névoas,

que anda a apalpadle os peitos ás montañas

para folgar-se coclas

e, afoutado, cabritas, pra ser pai de regueiros

e fontelas.

¡Galicia é infinda!

Nosa Galicia é máis que toda a Terra

Galicia só limita coa Saudade,

elástica fronteira que serve para o tempo e

para o espacio onde un galego está, atópase

ela- mais que ninguén a travésala pode inda que

leve nos papéis: poeta.


# CONCELLO DE VIGO



XUNTA  
DE GALICIA



DEPUTACIÓN  
PONTEVEDRA



**VITRASSA**  
avanza

**Venres 15 Xullo e Sábado 16 de Xullo**

**LIÑAS SERVIZO NOCTURNO:**  
VENRES 15 DE XULLO E SÁBADO 16 DE XULLO:  
Inicio do servizo: 22:50 h dende Samil. Frecuencia  
30 minutos N1 e N2. Frecuencia de 15 minutos  
con N1 e N2 nos tramos comprendidos  
entre: SAMIL - CAMELIAS - PASEO ALFONSO -  
POLICARPO SANZ. Percurso do servizo  
especial: Samil (Polideportivo) - Avda. Europa  
- Tomás Alonso - Camélias - Paseo Alfonso -  
Policarpo Sanz.

**ATENCIÓN Ó VIAXEIRO 986 20 74 74**

**LIÑAS REGULARES DE SERVIZO**

**DIURNO: C3, L10, L13, L15B y L15C.**

**Domingo 17 de Xullo Fogos de Bouzas**

Refórzanse as liñas que fan o seu  
percorrido por **Bouzas**. Dende as  
22.00 h ata as 24.00 h entrará en  
funcionamento un servizo especial  
entre **Bouzas e Policarpo Sanz**.  
A partir das 24.00 h este servizo especial  
funcionará cunha frecuencia de 15  
minutos aprox. ata a finalización dos  
lumes artificiais.

# Festas de Bouzas 2022

## Do 15 ó 19 Xullo



Festas de Interese turístico de Galicia  
[www.viladebouzas.com](http://www.viladebouzas.com)

Julio Barreira Villanueva

## XVI Festival Poético Piromusical Cidade de Vigo – Vila de Bouzas

### DOMINGO, 17 DE XULLO, ÁS 23:00

### Luces de reencontro:

**Luces de reencontro é un grito de  
Leticia polo retorno das sensacións,  
dos momentos, da vida.**

**Selección de textos, adaptación e narración: Juan  
Caballero, periodista presentador de radio e fotógrafo.**  
**Selección musical, dirección artística e pirotecnia:  
Eva Xaraiva, da pirotecnia Xaraiva.**

